

Cuba: actualización do modelo económico-social

Julio A. Díaz Vázquez

Introdución

Por máis dunha razón, a vía socialista seguida por Cuba despois do triunfo revolucionario de 1959 presenta singularidades que parece oportuno abordar en momentos en que no país son introducidas mudanzas no seu Modelo Económico-Social a partir dos acordos aprobados no VI Congreso do Partido Comunista de Cuba (PCC), celebrado entre o 16 e o 19 de abril de 2011. Primeiro de todo, a Insurrección perante a tiranía encabezouna Fidel Castro Ruz, quen a través da vía armada fixo do Movemento 26 de Xullo -organización integrada por elementos de diferentes clases sociais-, o núcleo dirixente fundamental da loita contra o ditador Fulgencio Batista.

Por outra banda, o poder revolucionario constituído en 1959 virou a orde social constituída no país. Así, aplicouse unha profunda reforma agraria que fixo propietarios a máis de cen mil campesiños; ademais, foron nacionalizadas a industria, banca, comercio, servizos, transportes, etc. A aplicación da rebaixa dos alugueres, das tarifas eléctricas e telefónicas, a eliminación do ensino privado, o desenvolvemento de amplos programas de saúde, a creación de novas fontes de emprego, etc., beneficiou a amplas capas da poboación. Mudanzas todas que serían rexeitados polos EUA. Proceso que culminaría coa derrota da invasión mercenaria de Praia Girón, en abril de 1961. A Revolución fixou rumbo ao socialismo. A propiedade estatal sería a sustentadora do futuro socio-económico de Cuba.

Con todo, as transformacións que levaron ao tránsito cara unha economía socialista, mostraron que o paso democrático-burgués e antiimperialista cara o socialismo decorreu sen mudanzas na vangarda política e dirección que encabezou a revolución. Do mesmo modo, é bo lembrar que, aínda que Cuba abrazou o camiño socialista, non adoptou nos seus inicios os patróns ou modelos de organización económico-social que aplicaban os países do socialismo existente; posteriormente denominado socialismo real.

As notas que seguen tentan compendiar, nos máis de 50 anos de existencia da Cuba Revolucionaria, o proceso seguido na exploración dun camiño socialista propio; a adecuación, a partir de 1976, das experiencias socialistas europeas á realidade cubana en materia de organización social e dirección da economía; as medidas aplicadas durante o denominado Período Especial en Tempo de Paz (1990-2006), para concluír comentando o significado e alcance dos acordos do VI Congreso de PCC para renovar o Modelo Socialista vixente no país.